



## XUNTA XERAL ORDINARIA 1ª/2020

Acta da sesión que tivo lugar o día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte.

En Santiago de Compostela, ás 20.00 h, reúnese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco José Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros D<sup>a</sup> María del Carmen González Ferro, D. José Carlos García Cumplido, D. Javier Constenla Vega, D<sup>a</sup> Patricia López Arnosó, D. Timoteo José Gutiérrez Valerio, D. Ramón Quintela Miramontes, D. César Rúa Martínez e D<sup>a</sup> María Jesús Vieito Mayo, así como os letrados/as D<sup>a</sup> Julia Álvarez Martín, D. Manuel Arza Galán, D<sup>a</sup> Mercedes Blanco Fernández, D. Brais González Pérez, D. Manuel Francisco Martín García, D. Evaristo Nogueira Pol, D<sup>a</sup> Victoria Beatriz Piñeiro Vidal, D<sup>a</sup> Margarita Ruiz Núñez e D. Miguel Ángel Sánchez Campos.

### ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.
2. Recensións do decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.
3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
4. Proposicións.
5. Rogos e preguntas.
6. Toma de posesión dos seus cargos respectivos, polos membros da Xunta de Goberno elixidos, e cesamento daqueles a quen corresponda saír.

#### 1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR

Sométese á votación a acta da sesión anterior, que é aprobada con 14 votos a favor e 4 abstencións.

## **2. RECENSIÓN DO DECANO SOBRE OS ACONTECEMENTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS QUE TIVERON LUGAR O ANO ANTERIOR EN RELACIÓN CO COLEXIO.**

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes accións en relación coa **xestión colexial**:

- Durante o ano 2019 tramitáronse un total de 3636 expedientes de xustiza gratuita.
- As certificacións emitidas na quenda de oficio sumaron un importe de 834.518,16 euros, repartido entre todos os colexiados que forman parte da quenda.
- Tamén se xustificou un gasto aproximado de 50.000 euros para outros convenios (mediación familiar e penal), repartido entre os letrados que prestan eses servizos.
- Tramitáronse 18 altas de novos colexiados/as (15 como exercentes e 3 como non exercentes).
- Rematou o ano cun total de 860 colexiados exercentes e de 551 non exercentes.
- Emitíronse 175 informes de honorarios para taxacións de custas.
- Tramitáronse 39 expedientes de dilixencias de información previa por denuncias sobre actuacións profesionais.
- Tramitáronse 2 expedientes disciplinarios.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela pasa a dar conta **doutras actuacións** desenvolvidas durante o ano 2019:

- Concesión de bolsas de estudos ao alumnado da Escola de Práctica Xurídica
- Asistencia da Xunta de Goberno ao XII Congreso Nacional da Avogacía
- Concesión de bolsas de axuda para asistir ao XII Congreso Nacional da Avogacía
- Declaración institucional do Colexio no Día Internacional das Mulleres (8 de marzo)
- Publicación do número 19/2019 da revista Avogacía Compostelá
- Publicación da Guía colexial 2019
- Concesión de bolsas para asistir ás VII Xornadas de Avogados e Avogadas de Violencia de Xénero
- Reunión territorial da Mutualidad de la Abogacía, previa á Asemblea Xeral (12 de abril)
- Eleccións á Xunta de Goberno (20 de decembro)
- Migración de contas de correo icasantiago.org por cambio ao servidor don Consejo General de la Abogacía Española
- Celebración do día da xustiza gratuita, cun stand informativo na praza do Toural (12 de xullo)
- Coedición do manual “Ley de asistencia de justicia gratuita” en colaboración coa editora Iberley
- Coedición da obra “Código penal y legislación complementaria” en colaboración coa editora Colex



O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos actos levados a cabo para a conmemoración do **175 aniversario da creación do Colexio**:

- Visita cultural 175 aniversario: exposición “Da Vinci The Exhibition” (14 de xuño)
- Acto de presentación do 175 aniversario (Pazo de Bendaña, 26 de xuño)
- Última etapa do Camiño de Santiago “Camiñando xunt@s polo 175 aniversario” (26 de outubro)
- Acto central do 175 aniversario, con entrega de diplomas a todos os colexiados e colexiadas con máis de 25 anos de exercicio (15 de novembro)
- Proxección do documental “La defensa, por la libertad” e posterior coloquio cunha das súas protagonistas, Cristina Almeida (17 de decembro)

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes intervencións en relación co funcionamento da **biblioteca**:

- Seguen dispoñibles na páxina web as seguintes bases de datos xurídicas: La Ley Digital, Tirant lo Blanch, Biblioteca Online de Sepín, vLex Premium e Thomson Reuters Aranzadi.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta das seguintes actividades de **formación** desenvolvidas durante o ano 2019:

- Xornada: “A validez médico-legal das probas periciais de biomecánica clínica” (4 de abril)
- Conferencia do fiscal do TS, Javier Zaragoza Aguado (26 de abril)
- Cursos: “Contabilidade, práctica contable e análise de balances”, “Xestión laboral e contratación” e “Fiscalidade para a peme: IRPF, IVE e sociedades”, en colaboración co IECE (abril)
- Curso de acceso e formación continua en violencia de xénero (maio e xuño)
- Curso: “Fundamentos do compliance para avogados e asesores de empresa” (en liña)
- Curso de linguaxe xurídica galega, impartido na EPX (abril e maio)
- Clases de inglés para colexiados/as
- Seminario: “Técnicas de escritura e composición de documentos xurídicos” (novembro)
- XIII Xornada Xustiza e Lingua, reflexións para a normalización (27 de novembro)
- Formación en violencia de xénero: talleres sobre a orde de protección (novembro e decembro)
- Xornada: “A violencia sexual, unha forma máis de violencia de xénero” (10 de decembro)
- Xornada: “Delitos sexuais: perspectiva de xénero, dereito de defensa e proba forense en violencia de xénero” (16 de decembro)

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos principais **acordos** tomados durante o ano 2019:

- Creación de listas específicas de violencia de xénero nos partidos xudiciais de Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón (acordo do 07.10.2019)
- Convocatoria para a selección de 4 letrados/as mediadores/as para o servizo de mediación intraxudicial familiar (acordo do 07.10.2019)
- Incremento da achega do Colexio á póliza do seguro de responsabilidade civil: 50.000 euros anuais (26.12.2019)
- Concesión do título de Decano Honorario a D. Evaristo Nogueira Pol (26.12.2019)

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta dos **convenios** de colaboración subscritos polo Colexio:

- Convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Ministerio Fiscal e o Ciarcus, para a posta en marcha dun programa de mediación penal
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para asesoramento na vía previa administrativa e laboral e para a mediación en conflitos veciñais e en desafuzamentos
- Renovación do convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística en materia de normalización lingüística
- Renovación do convenio de mediación intraxudicial coa Consellería de Traballo
- Convenio de colaboración con Caixabank
- Convenios con Asisa e Adeslas
- Convenio con Iberdrola
- Convenio con Caser Seguros para a contratación de póliza colectiva de saúde
- Convenios con editoriais xurídicas (La Ley, Sepin e Tirant lo Blanch) para coeditar manuais coas principais novidades lexislativas a prezos reducidos
- Convenio co aparcadoiro de Área Central
- Convenio con Clínica Dental Dublín
- Convenio con Opticalia Casa de los Lentes

Tras a intervención do decano, os e as asistentes toman recibo de todas actuacións descritas e mostran a súa conformidade con estas.

### **3. EXAME E VOTACIÓN DAS CONTAS XERAIS DE GASTOS E INGRESOS DO EXERCICIO ANTERIOR**

O secretario técnico do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dá conta do seguinte balance de gastos e ingresos do exercicio correspondente ao ano 2019:



<b>GASTOS</b>	<b>821.020,93</b>
2. Aprovisionamentos	72.229,56
601. Compras de materias primas	44.746,16
602. Compras doutros aprovisionamentos	27.233,40
607. Traballos realizados por outras empresas	250,00
3. Gastos de persoal	278.021,09
640. Soldos e salarios	223.309,98
642. Seguridade social a cargo da empresa	54.711,11
649. Outros gastos sociais	5.040,00
4. Outros gastos de explotación	459.765,88
620. Gastos en investigación e desenvolvemento do exercicio	75.763,72
621. Arrendamentos e canons	5.370,53
622. Reparacións e conservación	15.314,97
623. Servizos de profesionais independentes	34.160,82
625. Primas de seguros	185.171,06
626. Servizos bancarios e similares	863,97
628. Subministracións	11.215,46
629. Outros servizos	70.245,69
631. Outros tributos	1.978,71
6341. Axustes negativos en IVE de activo corrente	31.883,06
650. Perdas de créditos comerciais incobrables	8.723,28
651. Resultados de operacións en común	867,90
654. Gastos reembolso goberno	11.009,52
655. Perdas de créditos incobrables	2.125,92
678. Gastos excepcionais	441,57
694. Perdas por deterioración de créditos por operacións comerciais	4.629,70
5. Amortización do inmovilizado	8.164,91
681. Amortización do inmovilizado intanxible	8.164,91
b) Resultado financeiro (beneficios)	206,32
c) Resultado antes de impostos (beneficios)	0,00
11. Imposto sobre beneficios	2.839,49
6300. Imposto corrente	2.839,49
<b>INGRESOS</b>	<b>801.890,80</b>
1. Importe neto da cifra de negocios	8.755,68
705. Prestacións de servizos	8.755,68
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	691.322,12
721. Cotas	689.972,12
723. Cotas	1.350,00
5. Outros ingresos de explotación	97.704,90
740. Subvencións, doazóns e legados á explotación	81.371,18

754. Ingresos por comisións	4.766,22
755. Ingresos por servizos ao persoal	11.565,28
778. Ingresos excepcionais	2,22
6. Outros gastos de explotación	3.901,78
794. Reversión da deterioración de créditos por operacións comerciais	3.901,78
a) Perda da explotación	16.496,96
10. Ingresos financeiros	206,32
769. Outros ingresos financeiros	206,32
c) Resultado antes de impostos (perdas)	16.290,64
d) Resultado do exercicio (perdas)	19.130,13

Unha vez sometidos á votación, as contas de gastos e ingresos do exercicio 2019 son aprobadas con 14 votos a favor e 4 abstencións.

#### 4. PROPOSICIÓNS

Non se formulan.

#### 5. ROGOS E PREGUNTAS

O colexiado D. Brais González Pérez intervéen para facer unha petición en relación coa escasa presenza da lingua galega nos xulgados e fai unha petición para que dende o Colexio se leve a cabo unha maior presión institucional para que se adopte algunha medida ao respecto. En particular, sinala que se debe interceder no sentido de que os xuíces e xuízas comecen a ditar resolucións en galego e de que o novo sistema informático Lexnet sexa traducido e permita o uso deste idioma.

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela intervéen e responde ao Sr. González Pérez para indicar que nas últimas xornadas de Xustiza e Lingua, realizadas coma cada ano no colexio a finais de novembro, xa se tratou o tema e así lle foi trasladado en primeira persoa ao secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Non obstante, dende o Colexio manterase o compromiso co



fomento do idioma propio de Galicia e realizaranse as propostas e peticións necesarias a respecto do sinalado polo Sr. González Pérez.

A continuación, D. Brais González Pérez fai uso da palabra novamente para preguntar acerca da Comisión da Quenda de Oficio do Colexio e quen forma parte dela.

O decano do Colexio responde ao Sr. González Pérez e indica que a dita comisión está formada polos letrados D. Ramón Quintela Miramontes (deputado 2º), Dª Patricia López Arnosos (deputada 4ª) e D. Manuel Arza Galán (secretario técnico).

Deseguido, fai uso da palabra a colexiada Dª Julia Álvarez Martín para sinalar que en relación co cambio de nomenclatura do Colexio presentou un escrito que a día de hoxe non foi contestado.

O decano do Colexio toma a palabra e sinala que o cambio de nomenclatura do Colexio se está a estudar e que aínda non se puido levar á Xunta Xeral debido á súa complexidade, que comporta unha modificación dos estatutos colexiais así como de todos os carnés con sinatura dixital de que dispoñen agora mesmo todos e todas as colexiadas.

#### **6. TOMA DE POSESIÓN DOS SEUS CARGOS RESPECTIVOS, POLOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO ELIXIDOS, E CESAMENTO DAQUELES A QUEN CORRESPONDA SAÍR.**

O decano do Colexio dá conta do proceso de eleccións á Xunta de Goberno convocadas para o 20.12.2019. A Xunta de Goberno, na sesión do 06.12.2019, acordou a proclamación da única candidatura presentada e, en consecuencia, a súa proclamación como candidatos electos dos colexiados que concorreron ás citadas eleccións.

Deseguido ten lugar a toma de posesión dos seguintes colexiados e colexiadas dos seus cargos respectivos, que de maneira individual proceden á súa ratificación mediante promesa ou xuramento.

— D. Ramón Quintela Miramontes, deputado 2º


- D<sup>a</sup> Margarita Ruiz Núñez, deputada 3<sup>a</sup>
- D. Manuel Francisco Martín García, secretario
- D. Javier Constenla Vega, tesoureiro
- D. Timoteo José Gutiérrez Valerio, deputado 5<sup>o</sup>

A continuación, faise efectivo o cesamento nos cargos que viñan ocupando de D. José Carlos García Cumplido (secretario) e de D. César Rúa Martínez (deputado 3<sup>o</sup>).


O decano do Colexio toma a palabra para facer constar ante a Xunta Xeral o agradecemento expreso de toda a Xunta de Goberno ao Sr. García Cumplido e ao Sr. Rúa Martínez polo encomiable labor desenvolvido durante os moitos anos en que viñeron ocupando de maneira seria e responsable os seus cargos respectivos.

---

E, ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión en Santiago de Compostela, o día 29 de xaneiro de 2020. Como secretario, dou fe.



O decano



O secretario